



## Concello de Sarria

---

### **DECRETO DA SRA. ALCALDESA, MARÍA PILAR LÓPEZ YÁÑEZ**

Vista a resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 25 de abril de 2019, expediente TR351F 2019/17-2, na que se lle concede o Concello de Sarria unha subvención de 131.557,50€, para a contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da RISGA.

A concesión de dita subvención é para a contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da RISGA durante 9 meses, para sufragar os custos salariais e da Seguridade Social.

A Orde de convocatoria, publicada no DOG nº 6, de 9 de xaneiro de 2019, no Artigo 13, especificanse as condicións que por parte do Concello debe seguir para a selección do persoal a contratar, nas que son de vital importancia, tanto a forma de selección na que será obrigatorio a presentación de Oferta a Oficina de Emprego de Sarria e a modalidade contractual que debe ser temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Na Orde de convocatoria no Artigo 13.d, estipulanse unha serie de criterios que o Concello debe ter en conta na valoración dos méritos, para proceder a selección dos candidatos remitidos pola Oficina de Emprego.

No Artigo 13.c, da orde de convocatoria dise que a selección dos traballadores que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral, dependentes do Consorcio Galego de Srvizos de Igualdade e Benestar

Coas condicións arriba expostas , veño en resolver:

1. Aprobar os criterios de selección redactados para a súa aplicación na selección de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da RISGA.
2. Facer Oferta xenérica a Oficina de Emprego de Sarria para que esta faga a preselección dos candidatos, en base as normas dictadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.
3. Facer a selección definitiva a través da valoración dos méritos aportados polos candidatos e a aplicación de unha proba práctica por parte de un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral, dependentes do Consorcio Galego de Srvizos de Igualdade e Benestar .

Asi o mandou e asina a Sra. Alcaldesa, de que certifico.

(Documento asinado dixitalmente á marxe )